

M^a DEL CARMEN MERINO MOÍNA, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE MEIS (PONTEVEDRA)

CERTIFICO:

Que na sesión realizada pola Xunta de Goberno Local deste Concello o día 11 de abril de 2024, entre outros adoptouse o acordo que literalmente di:

“7.- Convenio subvención nominativa ANPA O LOUREIRO 2024

A Secretaria-interventora da lectura á seguinte proposta da Alcaldía:

“SINATURA CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE MEIS E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS ANPA O LOUREIRO DO CEIP ARMENTEIRA PARA O FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

Que por motivos de conciliación da vida familiar coa laboral das nais e pais do estudantado de Meis existe no noso concello a demanda dun servizo de comedor escolar no centro docente CEIP Armenteira que permite o alumnado xantar no centro de ensino.

Que o Concello de Meis ten interese na promoción de servizos complementarios do ensino dirixidos en condicións de igualdade a toda a poboación escolar do concello, que contribúan ao benestar da veciñanza e melloren a calidade do propio servizo educativo. Valórase a prestación conxunta do servizo para facilitar a publicidade, a ordenación e a transparencia do mesmo.

Que a ANPA O Loureiro do CEIP Armenteira ten en funcionamento na actualidade un servizo de comedor escolar.

Que se considera necesaria a colaboración entre ambas entidades para manter o servizo de comedor escolar en condicións de igualdade cos restantes centros de ensino público.

Visto o informe da Secretaría-Intervención municipal adxunta número 2024-0036, de data 03/04/2024, propónse a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Conceder unha subvención nominativa á Asociación de nais e pais Anpa O Loureiro do CEIP Armenteira para o financiamento do Servizo de Comedor Escolar de acordo coas bases de execución do orzamento do Concello de Meis para o 2024 e o Plan Estratéxico de subvencións 2024-2026.

A estes efectos, de conformidade con disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello-Pleno deberá adoptar acordo de rectificación do erro material do texto das Bases de Execución do Orzamento 2024 e do PES 2024-2026, de tal modo que onde se indica o outorgamento dunha subvención nominativa a favor da ANPA O LOUREIRO para financiar o “Plan Madruga” debe indicarse o “Servizo de Comedor Escolar”. Este acordo debe publicarse no B.O. de Pontevedra para xeral coñecemento.

SEGUNDO.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Meis e a Asociación de nais e pais Anpa O Loureiro do CEIP Armenteira a través do cal se canaliza a presente subvención:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MEIS E A ANPA “O LOUREIRO” DO COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA ARMENTEIRA PARA O FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR



En Meis, na Casa do Concello de Meis, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

*Dunha parte, **Dona Marta Giráldez Barral**, na súa calidade de Alcaldesa-Presidenta, en nome e representación do Concello, en virtude do artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia, actuando especialmente autorizada para firma do presente Convenio por acordo da Xunta de Goberno Local do ___/___/2024 do Concello de Meis (CIF:P3602800I), con enderezo en Avenida de Cambados, 67 – O Mosteiro (Meis).*

*Doutra parte, **Dona Ana María Carro Garrido**, na súa condición de presidenta da Asociación de Nais e Pais de alumnos ANPA O LOUREIRO do CEIP Armenteira (CIF:G36469658) e enderezo social en Vilar, 64-A – A Armenteira (Meis), no se seu nome e representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e resto de documentación que figura no expediente.*

E, actuando Dona María Carmen Merino Moina, en calidade de Secretaria do Concello de Meis, dando fe do acto, en virtude do previsto no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Ambas as partes recoñécense mutua e reciprocamente capacidade legal suficiente e necesaria para subscribir en nome das institucións que en este acto representan o outorgamento do presente convenio, e a tal efecto,

EXPOÑEN

I.- Que por motivos de conciliación da vida familiar coa laboral das nais e pais do estudantado de Meis existe no noso concello a demanda dun servizo de comedor escolar no centro docente CEIP Armenteira que permite o alumnado xantar no centro de ensino.

II.- Que o Concello de Meis ten interese na promoción de servizos complementarios do ensino dirixidos en condicións de igualdade a toda a poboación escolar do concello, que contribúan ao benestar da veciñanza e melloren a calidade do propio servizo educativo. Valórase a prestación conxunta do servizo para facilitar a publicidade, a ordenación e a transparencia do mesmo.

III.- Que a ANPA O Loureiro do CEIP Armenteira ten en funcionamento na actualidade un servizo de comedor escolar.

IV.- Que se considera necesaria a colaboración entre ambas entidades para manter o servizo de comedor escolar en condicións de igualdade cos restantes centros de ensino público.

V.- Que a ANPA O Loureiro conta coas autorizacións axeitadas para a organización do servizo de comedor escolar.

VI.- Que respecto do ámbito competencial, o artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, e artigos 80.2 n) e ñ) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e dispoñen que o



municipio exercerá, en todo caso, competencias establecidas nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

VII.- Que o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, recolle que o Concello de Meis recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de entidades e ser apoiada nos devanditos procesos.

VIII.- Que o Concello de Meis como institución pública máis preto do cidadán comprométese a garantir a participación cidadá dos diversos axentes que conforman a actividade educativa, e non quere ser allea á necesidade e demanda exposta pola ANPA O Loureiro, na procura de contribuír a mellorar a calidade do seu ensino público e gratuíto.

Que é vontade de ambas as entidades colaborar no campo a conciliación da vida familiar como condición necesaria vinculada á realidade da sociedade actual e de conformidade co anterior,

MANIFESTAN

I.- Que o CONCELLO DE MEIS (PONTEVEDRA) é unha institución de dereito público, con personalidade xurídica propia que ten entre as súas finalidades e competencias propias a ocupación do tempo libre, de conformidade co artigo 25.2 apartado I) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Dentro do ámbito das súas competencias está interesado en favorecer a conciliación da vida familiar como condición necesaria vinculada á realidade actual a través da realización de actividades extraescolares que leva a cabo a Asociación de nais e pais de alumnos O Loureiro do CEIP de Armenteira.

II.- Que a ANPA "O LOUREIRO DO CENTRO DOCENTE CEIP ARMENTEIRA", con fins de interese xeral e sen ánimo de lucro, ten personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, que se rexe pola Lei 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación e o Real Decreto 1533/1986 do 11 de xullo, polo que se regulan as Asociacións de Pais e Nais de Alumnos, e demais normas aplicables.

A entidade está inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co núm. 1988/001635-1ª (PO) e co CIF G36469658. Asume conforme ao establecido nos seus estatutos, entre outros, os seguintes fins: "colaborar nas actividades educativas dos Centros, en nas actividades complementarias e extraescolares dos mesmos".

III.- Que o Concello de Meis, coñecedor desas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia que a o artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, e artigos 80.2 n) e ñ) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e exercerá, en todo caso, competencias establecidas nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

IV.- Que o Concello de Meis considera que a prestación do servizo de comedor escolar promovido pola ANPA O Loureiro é unha actividade de utilidade pública de especial relevancia na nosa localidade.



V.- Que o vixente Orzamento Xeral do Concello de Meis do 2024 inclúe crédito na aplicación orzamentaria 326/48012 para conceder directamente, con carácter excepcional, segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no artigo 67 do seu regulamento, no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 25.3 das de Execución do Orzamento do Concello de Meis do 2024, unha subvención directa por razóns de interese público e social, como é en concreto coadxuvar á financiación dos gastos do servizo de comedor escolar do alumnado do CEIP Armenteira correspondente aos meses que abranguen os períodos escolares dende 1 de xaneiro ao 15 de novembro de 2024.

VI.- Que a ANPA O Loureiro non esta incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da LXS e da LSG, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Meis, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.

VII.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas, os intervenientes, declarándose mutuamente lexitimados e con vontade libre para iso, formalizan o presente convenio que haberá de rexerse polas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O Concello de Meis colaborará coa ANPA O Loureiro do CEIP Armenteira coa cantidade máxima de MIL EUROS (1.000,00€) como contribución ao funcionamento do Servizo de Comedor Escolar entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2024, no marco da cooperación e fomento dos servizos complementarios de educación. Esta cantidade librarase con cargo á aplicación orzamentaria 326/48012 do orzamento para 2024, que recolle esta subvención nominativa a cal se encontra incluída no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026, aprobado polo Concello-Pleno en sesión de data 23 de febreiro de 2024.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Meis a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

SEGUNDA.- A axuda económica concedida irá destinada a sufragar un servizo de comedor escolar durante os días lectivos sinalados como tales no calendario escolar. En concreto, destinarase a sufragar, entre outros, os seguintes conceptos:

- a) O custo diario do menú por comensal e polos días da súa asistencia ao comedor entendido como o servizo de comida ao mediodía.
- b) A vixilancia e coidado do alumnado durante o uso do servizo do comedor.
- c) Os gastos de mantemento, persoal e limpeza.
- d) Os gastos de enxoval, materiais, utensilios para a prestación do servizo.



e) Os gastos ocasionados pola contratación de pólizas de seguros vinculadas directamente á prestación do servizo de comedor escolar.

TERCEIRA.- A ANPA O Loureiro comprométese a organizar e supervisar o funcionamento do servizo de comedor escolar, correndo da súa conta as autorizacións pertinentes, a contratación do servizo e os gastos derivados do mesmo, para o que poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial do servizo. Tamén asumirá as responsabilidades que se deriven da posta en marcha da actividade, incluíndo as de responsabilidade civil, para o que contará co seguro esixible, eximindo ao Concello de calquera responsabilidade non derivada da execución deste convenio.

A ANPA O Loureiro fará constar en toda a publicidade que xere o servizo de comedor escolar a colaboración do Concello de Meis.

A ANPA O Loureiro deberá cumprir con todas as obrigas establecidas no artigo 14.1 da LXS e en xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da LSG. Tamén deberá someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Meis, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio destas funcións.

CUARTA.- O Concello de Meis librará o 60% da cantidade establecida na cláusula primeira, unha vez asinado o presente convenio.

O 40% restante aboarase unha vez xustificada a totalidade do gasto anual.

Exímese á ANPA O Loureiro da prestación de garantía polo pago anticipado da subvención.

QUINTA.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a LXS e publicarse no portal de transparencia do Concello de Meis.

SEXTA.- A ANPA Loureiro do CEIP Armenteira deberá xustificar no prazo máximo que remata **o día 30 de novembro de 2024** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2. a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións).

A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos, resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerárase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.



A xustificación realizarase por facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Así mesmo só poderán referirse a gastos realizados neste ano e para a finalidade que se recolle no Convenio. Ditos gastos deben vir acompañados dos xustificantes bancarios do seu pagamento (non se admiten pagos en efectivo).

Nesa xustificación a ANPA O Loureiro remitiralle ao Concello de Meis unha conta xustificativa de ingresos e gastos na que figure a relación do alumnado que participou no servizo e no seu caso a cantidade de menús consumidos por persoa e mes co visto e prace da dirección do centro educativo.

Achegarase ademais copia autenticada do contrato ou contratos subscritos para a prestación do servizo e as facturas orixinais cotexadas derivadas deste contrato en cada período de xustificación xunto coa acreditación do seu pagamento (xustificantes bancarios).

Xuntamente coa liquidación anual, a ANPA O Loureiro deberá subscribir unha declaración responsable das axudas concedidas por outras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin. O conxunto das axudas recibidas non poderá superar o 100% do custo da actividade.

Se a axuda do Concello máis as restantes subvencións ou ingresos por esta actividade, máis as cotas pagadas polas persoas usuarias superan o custo total da actividade, a ANPA O Loureiro comprométese a reintegrar ao Concello as cantidades excedentes.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

SÉTIMA.- *Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente de pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da LSG.*

OITAVA.- *A beneficiaria comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto para o que foron concibidos. O Concello de Meis poderá comprobar, cando o considere pertinente, o correcto desenvolvemento do servizo de comedor escolar e reclamar canta documentación considere oportuna para a xustificación do mesmo.*

NOVENA.- *As dúbidas que se presenten na interpretación do presente Convenio, serán resoltas pola alcaldesa de Meis, co que se porá fin á vía administrativa.*

DÉCIMA.- *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e polo órgano interventor do Concello, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

DÉCIMO PRIMEIRA.- *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento das subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da LXS e 33 da LSG.*



Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- *En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da LSG e na LPACAP.*

DÉCIMO TERCEIRA.- *Os datos persoais da solicitante e o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.*

A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos dacordo co previsto na LPACAP, e na normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Meis.

DÉCIMO CUARTA.- *A participación do Concello de Meis concrétese na concesión dunha subvención directa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Meis e a entidade ou coas persoas participantes no desenvolvemento das actividades subvencionadas.*

DÉCIMO QUINTA.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

DÉCIMO SEXTA.- *O presente convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación deste Convenio, deberán liquidarse de mutuo acordo entre as partes e, en defecto de acordo, o coñecemento destas cuestións corresponderá á xurisdición contencioso-administrativa.*

DÉCIMO SÉTIMA.- *O presente convenio terá vixencia dende a súa firma ata a finalización do exercicio. Non admite prórrogas.*

As partes intervinientes, lido o presente documento e en proba da súa conformidade co seu íntegro contido, asinan electrónicamente o presente Convenio, no lugar e data ut supra indicado”.

TERCEIRO.- *Autorizar e dispoñer un gasto por importe de 1.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 326/48012 a favor da Asociación de nais de pais ANPA O*



LOUREIRO, en concepto de “Convenio para financiamento do Servizo de Comedor Escolar”

CUARTO.- Autorizar á alcaldesa a sinatura do Convenio establecido entre o Concello de MEIS e a ANPA O Loureiro para o financiamento do “Servizo de Comedor Escolar”.

QUINTO.- Unha vez asinado o convenio, recoñecer a obriga por importe de 600,00€, en concepto de pago anticipado do 60% do referido convenio, conforme ao disposto na cláusula 4ª.

SEXTO.- Publicar o Convenio, unha vez asinado, na Sede Electrónica do Concello para dar cumprimento ás obrigas de transparencia recollidas no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro.

SÉPTIMO.- Remitir a información sobre o presente acordo á Base de datos nacional de subvencións.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación da proposta da alcaldía.”

E para que conste, expido este certificado, de orde e co Visto e Prace da Sra. Alcaldesa.

Visto e prace
A alcaldesa

Marta Giráldez Barral

ASINADO ELECTRONICAMENTE

